

alegre, animós i afectuós, la seva bondat natural i el seu saber fer bé les coses de la professió com a docent; sense fer doncs cap tipus d'especulació quant a on li hauria menat la repercusió de la seva teoria al voltant de les llengües.

*En lembranza do amigo que pensaba doutro xeito*

MANUEL RODRÍGUEZ ALONSO

Este luns, 4 de abril de 2005, faleceu nun accidente de tráfico Ramón Lodares. Lodares era neste momento o representante de máis sona en xornais e polémicas libres da chamada Escola Lingüística Española ou de Madrid, defensora a ultranza do castelán como lingua propia de todo o Estado español.

Desde os artigos do noso *Cartafol de libros*, e tamén desde outras tribunas, temos polemizado con el. Mesmo, ás veces, a polémica podía parecer agre. Non obstante, temos que sinalar que as diferenzas de opinión sobre a propagación do castelán, a situación das linguas non castelás neste momento ou a importancia das literaturas nas linguas cooficiais distintas do castelán non foron obstáculo para que os críticos do *Cartafol* que tiñamos unha relación persoal con Lodares e ata de certa amizade a seguíssemos mantendo. Sabemos, dito por el mesmo e por alumnos seus da Autónoma, onde Lodares era profesor, que seguía o noso *Cartafol* e aturaba os seus *aguillóns* contra o chamado españolismo e centralismo cultural.

Por outra banda, dun xeito ou doutro, Lodares sempre contestaba estes nosos aguillóns. Claro é que nós tamén os del. Pero todo isto feito ás claras, polo dereito, sen persoas interpostas, mesmo expresándoo cara a cara e persoalmente cando coincidiamos con el nalgún lugar.

Cómpre sinalar así mesmo que sabemos que nas súas clases da Autónoma aturaba con ánimo aberto e contestaba as críticas que lle facían algúns alumnos seguidores do noso *Cartafol*. Podía disentir de nós, como é o normal e lóxico na actividade intelectual, pero nunca nos descualificou, agochou ou dixo que non eramos científicos, universitarios ou calquera parvada dese tipo, propias de quen non quere entrar na discusión intelectual aberta e libre. Era, nese sentido, un polemista leal.

Dende aquí expresamos a nosa dor pola perda do antagonista intelectual que, malia a diferente ideoloxía, sempre nos distinguiu coa súa atención e contracrítica sincera.